

Bando exposición pública do censo eleccións ao Parlamento de Europeo 9 de xuño de 2024

De cara ás próximas Eleccións ao Parlamento Europeo que se celebrarán o vindeiro 9 de xuño de 2024, ponse en coñecemento de toda a veciñanza do Concello de Arzúa que entre os días 22 a 29 de abril de 2024, ámbolos dous incluídos, está exposto o Censo electoral para todas aquelas persoas que queiran consultalo e presentar as reclamacións correspondentes, no caso de que algún dos seus datos censais sexa erróneo.

Poden consultarse as listas do censo presencialmente na Casa do Concello horario de exposición : De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas (excepto días festivos).

A consulta presencial deberá ser formulada polo propio/a interesado/a que se identificará do seguinte xeito:

Españóis:DNI, pasaporte ou permiso de conducir.

Cidadáns da Unión Europea : pasaporte, documento de identidade do seu país de orixe ou tarxeta de residencia (número de identidade estranxeiro).

As reclamacións presentadas fora deste prazo non terán efecto neste proceso e resolveranse posteriormente. Solicítase a participación de tódolos cidadáns nesta consulta , sobre todo a de aqueles que fixeron recentemente 18 anos e a dos que realizaron cambios de domicilio dentro do Concello neste ano.

Para calquera información , pode consultar nos teléfonos: 900.343.262 (gratuito) e 981217439 ou no correo electrónico : dpoce.coruna@ine.es

Arzúa, asinado na data e hora que figura ao marxe

O alcalde:

Xoan Xesus Carril Ramos